

Dominación cultural en Europa: O caso de Irlanda

Maolsheachlainn Ó Caollaí

Mesmo dentro das fronteiras dos vellos Estados europeos e na súa periferia, seguen a existir pequenas nacionalidades que amosan polo menos certa oposición á subordinación. Neste contexto, pensamos en Bretaña, Gales e, en menor medida, en Escocia. Para o estudioso do colonialismo e mailo imperialismo seguramente o exemplo máis instructivo é o de Irlanda.

Único entre os estados de Europa occidental, o estado irlandés xurdiu despois dunha loita de liberación nacional do século vinte e deu o primeiro toque a defuntos polo Imperio Británico. Os acontecementos da parte norleste da illa nos anos posteriores a 1968 lembráronlle ó mundo que a loita aínda non rematara. Os temores do secretario británico, expresados a fins de 1983, de ter que encargar unha cousa parecida a Cuba no flanco dereito valen para subliña-lo feito de que a clase gobernante británica e mailos seus aliados aínda consideran axiomático que “Gran Bretaña ten que dominar Irlanda” (Greaves, 1963). Esa dominación lévase a efecto de dúas formas: por medio do control directo de Irlanda do Norte e por medio do control indirecto do estado irlandés soberano, quere dicir, a República de Irlanda, primordialmente por medio de recursos económicos e culturais.

Irlanda do Norte é un enclave artificial esgallado de Irlanda durante os anos 1920 e 1921 por motivos estratéxicos. A fronteira apañoouse para que a maioría da poboación fosen descendentes de colonos británicos. As vantaxes económicas das que gozaron axudaron a que mantivesen a lealdade tradicional a Gran Bretaña. A minoría, que segundo as estimacións anda preto do corenta por cento da poboación, é nomeadamente de relixión católica, ten identidade irlandesa e as autoridades trátana como se fose extranxeira.

Dende o ano 1969 un movemento de masas que reclama os dereitos civís da minoría se opuxo violentamente ó goberno, a guerrilla subsecuente foi medrando e cobrou 2500 vidas. Aquel proceso que parecía non ter fin, custáralle ó tempo ó tesouro británico máis de 5´6 billóns de libras (New Irish Forum, 1983).

O estado irlandés, fundado en 1922, abandonou a Mancomunidade Británica en 1949 e dende entón foi membro de Nacións Unidas. Hai algunhas décadas, era obxecto da admiración dos pobos emerxentes sometidos ó Imperio Británico por ser modelo de anti-colonialismo. As orixes disto hai que as procurar nomeadamente no movemento a prol da autonomía cultural e mailo desenvolvemento autónomo; porén, na altura de hoxe, en termos culturais, é practicamente unha provincia de Inglaterra. A intención de quen isto escribe é esquematiza-lo desenvolvemento e uso de certos instrumentos culturais de colonización na Irlanda do pasado e do presente, e considera-las posibilidades do futuro.

“A maneira máis efectiva de subxugar ós pobos e ás xentes é captura-las súas mentes” (Constantino, 1979, p. 213). A isto, poderíamolle engadir “e as mentes de toda a masa de colonos”. Mesmo dende que comezara a conquista inglesa de Irlanda, hai uns oitocentos anos, no ano 1169, para sermos precisos, os métodos de guerra psicolóxica/cultural tanto contra os colonizados coma contra a propia xente do colonizador foron parte importante da estratexia da conquista. Irlanda foi o laboratorio no que se perfeccionaron as técnicas e instrumentos que empregaron o colonialismo e mailo imperialismo polo mundo adiante. Referíase a isto Engels cando escribiu: “Tódalas abominacións dos ingleses teñen orixe no Confín de Irlanda” (Engels, 1969). O Confín de Irlanda era a área comprendida nos territorios “a un día de viaxe dende Dublín” (Mac Neill, 1968), área á que se vira reducido o poder inglés pouco menos ca dous séculos despois de que os normandos invadisen case todo o país.

No período inicial da ocupación, a guerra psicolóxica dirixiuse primordialmente á xustificación da conquista e tentouse tamén, evidentemente, lava-las consciencias dos colonizadores. A arma foi o racismo e temos moreas de información sobre estes temas e sobre como foi que se usou. As obras fundamentais sobre o racismo colonial en Irlanda, *Topografía de Irlanda* e *Conquista de Irlanda*, escribiunas por volta de 1187 Giraldus Cambrensis, un eclesiástico normando nado en Gales do que o irmán estivo no primeiro destacamento invasor (Giraldus Cambrensis, 1982; Riche, 1970).

As obras de Giraldus promoveron os estereotipos clásicos dos colonizados –nugalláns, traizoeiros, infrahumanos, caníbais etc. –e usáronos durante anos toda una reste de propagandistas colonizadores. Dende o principio, a resistencia irlandesa non só tivo forma militar, tamén foi cultural. Aínda que a feble autoridade central desapareceu logo, segundo vimos, en dous séculos o poder inglés viuse restrinxido a un enclave pequeno. Esta posición chegou a consituirse non só por mor das vitorias militares irlandesas, senón porque a maioría dos descendentes das primeiras ondas de invasores quedaran culturalmente absorbidos. Para o dicir cunhas palabras célebres, viraran “máis irlandeses cós propios irlandeses” e,

mesmo no Confín, a identidade inglesa estaba ameazada. A resposta da coroa inglesa foi tomar medidas que arestora poden considerarse as precursoras do apartheid. As asembleas reunidas no Confín aprobaron leis que tiñan por obxecto evita-la mestura racial. Unha desas leis, aprobada en 1297, describía os colonizadores culturalmente asimilados chamándolles “ingleses dexenerados”. Outra asemblea, en 1366, aprobou 36 leis que prohibían ós colonizadores, a risco das penas máis severas, adopta-la cultura irlandesa, casar con irlandesas ou falar irlandés. Amais, ós sacerdotes irlandeses excluíanos das igrexas e abadías que estaban “no Confín”.

Abofé que, por veces, o poder da coroa inglesa virou absoluto, mais non sen tremenda devastación e destrucción da política irlandesa. Nunhas cantas ocasións, exterminaron ós naturais de Irlanda case enteira e eles mesmos creron que ese era o obxectivo. Porén, o obxectivo primeiro do colonialismo era a explotación das terras e bosques valiosos e, para facer iso, cumpría xente. Os colonizadores que chegaran, a quen se lles garantira a terra toda do irlandeses, non eran abondo numerosos a tales efectos e daquela permitiuse que un resto da nación irlandesa persistise a xeito de foreiros e traballadores agrícolas.

Sexa como for, por volta de 1840 a poboación chegara ós oito millóns de almas, das que quizais seis eran naturais de Irlanda que se distinguían polo papel económico de ser proletarios agrícolas, por seren de relixión católica e, en gran medida, de lingua irlandesa. Os labregos irlandeses traballaban leiriñas nas que botaban patacas que eran a súa única fonte de subsistencia e tamén cultivaban millo por causa de paga-lo foro. Cando a peste estragou as colleitas de 1845, 1846 e 1847 morreron de fame por volta dun millón e emigrou outro millón e medio. En dez anos, a poboación rural reduciuse a pouco menos da metade. Era exactamente o que cumpría para limpa-la terra, a efecto de establecer granxas de xestión capitalista, e a política do Goberno británico en resposta á grande fame concebiuse para acadar ese fin. O trauma da fame negra, seguido de deshaucios salvaxes, deixou unha marca indeleble nas mentes dos irlandeses que ía ter efecto inmediato na posición do gaélico.

Colonialismo educativo

Os esforzos todos por acada-la independencia política e se liberar da subxugación económica fracasaran e só causaran máis represión severa. Despois do alzamento de 1798, que levou moitas vidas, o goberno británico comezou unha política nova, reintegracionista, que tentaba a unión de Irlanda con Inglaterra. Durante a década de 1830 o goberno británico instituíu un sistema de escolas primarias por toda Irlanda: o obxectivo era ensinalle á xente a seren bos súbditos da Coroa. Aínda que a maioría da xente falaba irlandés, a lingua das escolas era estritamente o inglés. A axitación política a favor da emancipación católica garantiu as condicións necesarias prá aparición dunha pequena clase media nativa. Ós membros desa clase debeulles parecer que a ruta da mobilidade social ascendente levaba polo camiño da imitación do colonizador, non só á hora de procura-los dereitos civís dos que gozaban, senón tamén da maneira máis simbólica posible: adoptando a súa lingua.

A clase media proveu o liderato ideolóxico para o cambio de lingua, pero a masa popular –labregos e traballadores agrícolas- tamén tiña motivos de peso. O inglés serialles útil ós fillos no moi probable caso de ter que emigrar. A grande fame foi o acontecemento que ó cabo crebou a moral nacional. En dúas xeracións, case toda a nación deixara de falar a lingua nacional e adoptara a dos opresores. Seguramente foi un acontecemento único na historia mundial. O medio polo que se acadou foi o sistema de escolas primarias. Un dos instrumentos pedagóxicos que usaron os pais, en cooperación coas escolas, indicaba o estado mental da xente naquel tempo. O pau das marcas, ou “metriño”, era un anaco de madeira que lle colgaban do pescozo a cada neno. Os pais, decote incapaces de falar inglés, tiñan que cortar un anaco do pau das marcas cada vez que escoitaban ós nenos dicir unha palabra en irlandés. Ó iren a escola ó día seguinte o profesor contaba as marcas e daba breas de duración que dependía do número de marcas. O abismo que se creou entre os pais incapaces de falaren inglés e mailos fillos ós que non se lles permitía falar irlandés foi fondo, tamén conlevou rachar abruptamente unha tradición de máis de dous mil anos. O pau das marcas deixou de usarse en 1870, polo tempo en que Irlanda, coa excepción dunhas cantas ducias de parroquias remotas, virara anglofalante.

Se os colonizadores non fosen tan curtos de miras, non ten dúbida que darían vista a oportunidade que se lles presentaba co cambio de lingua para acadar por fin a lealdade dunha xente abatida, marcando, logo, a rendición dunha maneira tan dramática. Ó colonizador todo o que lle cumpría era tratar ó colonizado de igual a igual e darlle os correspondentes dereitos. Non pasou tal, e abofé que, como indicou Fanon, non podía pasar porque suporía a fin da relación explotadora colonial. Tanto os intereses económicos de prazo curto coma as propias actitudes racistas tradicionais, que se remontaban ós días de Giraldu, impedíronlles pensar desa maneira.

Nos medios de comunicación británicos da época hai probas que indican como foi que as actitudes racistas inglesas contra Irlanda se intensificaron durante o tempo do cambio lingüístico e, amais, dende fins da década de 1980, medrou unha intransixencia nova á medida que a explicación racial da inferioridade irlandesa –en contraposición ás verdadeiras causas sociais- empezou a se argumentar explicitamente (Lebow, 1973). Os estereotipos do irlandés, que promoveron os medios de comunicación ingleses da época presentaban un pobo violento, nugallán, supercioso, de pouco fiar e racialmente inferior.

Nas caricaturas victorianas posteriores a 1850, pintábase ó irlandés como se fose infrahumano, cun ángulo facial mínimo, narices vermellos, dentes coma os cairos dun xabarín estragados e unha aparencia xeral simiesca (Curtis, 1971; Lebow, 1973). A imaxe do mono e mailo Darwinismo social eran habituais no pensamento inglés verbo de Irlanda. Describindo unha viaxe por Irlanda en 1860, Charles Kingsley escribiu: “Estou obsesionado polos chimpancés humanos que vin ó longo dos centos de millas deste país horrible. Non coído que sexa culpa deles. Non só creo que agora haxa máis ca antes, senón que baixo a nosa lei son máis felices, están mellor e máis agradablemente alimentados e aloxados ca nunca Porén, pon arrepío ver chimpancés brancos; de seren negros, a un non lle doería tanto, pero as súas peles, de non estar bronceadas polo sol, son tan brancas coma as nosas (Kingsley, 1979). A reacción ó desprezo, inicialmente entre os intelectuais, tivo influencia formativa indubidable no curso da historia irlandesa, levando ó alzamento de 1916 e á loita de liberación nacional que acadou o clímax en 1921.

Non é sorprendente, logo, que os obxectivos do movemento da lingua, *Conradh na Gaeilge*, ou liga gaélica –que se fundou en 1893 e acadou apoio masivo para o seu programa de restauración da lingua, oposición ó complexo de inferioridade nacional e afirmación da identidade irlandesa- ficasen incorporados ó programa de liberación nacional e ós obxectivos do Estado Irlandés Libre, arestora chamado República de Irlanda, que se estableceu en 1922.

As circunstancias nas que se fundou o Estado Libre Irlandés foron de certo desfavorables para logra-lo éxito do desenvolvemento nacional autónomo, pois tiña só status de dominio e inculía só 26 do 32 condados de Irlanda. Os elementos conservadores aceptaron o Estado Libre cando se estableceu a xeito de goberno e achaiaron á oposición nunha guerra civil despiadada. Os homes do goberno novo eran de orixe pequeno burguesa (Greaves, 1972) e estaban decididos a para-la revolución. O vinte e nove por cento da poboación, o corenta por cento das taxas do país, secomasí a principal área industrial perdéranse con Irlanda do Norte. A moeda estaba vinculada á libra esterlina e había libre movemento de traballo e capital. Tamén, de xeito significativo, o Estado Libre irlandés asumiu os 21.000 funcionarios imperais que administraran Irlanda en proveito da coroa británica e levedounos só con 130 funcionarios do goberno revolucionario clandestino na sombra que houbera de 1919 a 1921.

Sexa como for, en dez anos, a maioría do partido derrotado durante a guerra civil –o Fianna Fail- constituíuse a xeito de partido político, reconciliouse coa autoridade burguesa e foi elixido para o goberno. Á hora de asumi-los obxectivos da revolución nacional, o novo réxime tentou acadar máis desenvolvemento autónomo. As industrias de consumo capitalistas establecéronse apoiándose nas barreiras tarifarias. Alá onde o capital privado non deu fornecido os servizos básicos e produtos elaborados, creáronse industrias estatais, nomeadamente na enerxía, no transporte, no azucre, no aceiro e nas infraestruturas. Por volta de 1958, esgotáranse as posibilidades de desenvolvemento seguindo estas liñas e so as restriccións ideolóxicas prevalecentes . A dependencia económica de Gran Bretaña era aínda a característica dominante da economía. As exportacións da Gran Bretaña supuñan aínda máis do oitenta por cento do total das exportacións, mentres que un cincuenta por cento das importacións viña doutros países. As institucións financeiras británicas eran as dominantes. Os bancos aínda se consideraban parte da economía británica (Hein, 1967). O investimento bruto representaba aproximadamente un doce por cento do produto nacional bruto, en contraste cunha media do 20 por cento nos países desenvolvidos. A proporción de emigración superaba o trece por mil da poboación, tendo por resultado o decrecemento neto da poboación (Irlanda, Departamento de Finanzas, 1958). Entón, o capitalismo orientado polo estado fracasou no intento desenvolver unha economía crecente.

Integración por medio da economía.

Adoptouse unha nova política de libre comercio con Gran Bretaña. Invitouse a entrar no país á industria e ó capital extranxeiro. A continuación desta política foi, lóxicamente, a integración na Comunidade Económica Europea cando Gran Bretaña se uniu a ela, en 1973. Os incentivos ofrecidos á industria extranxeira, incluída a exención de taxas, as axudas en metálico sen devolución, as subvencións para novas iniciativas, os avais, a susidiarización de intereses, as fábricas dispostas para ser ocupadas e o aloxamento industrial, xunto co acceso ós mercados da Comunidade Económica Europea, atraeron a máis de oitocentas empresas extranxeiras que decidiron establecer en Irlanda unidades de produción. Na altura

de 1981, as empresas extranxeiras empregaban o 34 por cento do total da forza de manufactura (Irlanda, Consello Social Económico e Social, 1982). O capital extranxerío non se limitaba á industria manufactureira; entrara tamén na banca, nos seguros, nas inmobiliarias, na distribución, nos servizos, no pequeno comercio e na industria hotelaría. (Coughlan, 1982). O efecto foi o de integra-lo estado irlandés soberano máis intimamente nas estruturas políticas e económicas do capitalismo europeo occidental. A burguesía irlandesa reforzárase e comezaba entón a tomar áreas da economía que previamente foran dominio estatal.

Deteriorárase a soberanía nacional, e a política tradicional de neutralidade sufrira ataques. Os poderes económicos que ata entón exercera o goberno irlandés exercíanos a partir de entón as institucións da Comunidade Económica Europea. A perda de soberanía reflectiuse cada vez máis na política exterior, aliñándose coa dos principais estados da Comunidade Económica Europea. En resposta ó escándalo público polo apoio a Gran Bretaña no asunto das Malvinas, o goberno retirou as sancións contra Arxentina, polo que tivo unha ruptura de relacións de 18 meses con Gran Bretaña. Aprendida a lección, o apoio á invasión de Granada por parte dos Estados Unidos de América expresouno ben o portavoz do principal partido da oposición. Tamén en cuestións de cultura e comunicación a política exterior confeccionouse para se adecuar ós intereses dos países imperialistas. A delegación irlandesa nas Nacións Unidas abstívose na votación crucial de 1982 da convención sobre o uso de satélites para emisión directa.

As devanditas eran, abofé, contradicións. A metade da poboación da república tiña menos de vinte e cinco anos. O paro medraba con forza, acadando máis do quince por cento da forza de traballo ó remate de 1983. O mercado doméstico estaba a ser penetrado en masa polas importacións, destruindo as industrias do país e mandando a milleiros de persoas ó paro tódolos meses. Malia ter unha das taxas de investimento máis altas da Comunidade Económica Europea –o investimento era máis do trinta por cento do produto nacional bruto en 1981 (Dublin, Banco Central, 1982)-, as entradas e as novas empresas en expansión só foran capaces de producir un número de postos de traballo equivalente ós destruídos (Coughlan, 1982). As empresas transnacionais foran obxecto de críticas nun informe prestixioso por non dar emprazado en Irlanda as funcións da caste de investigación e desenvolvemento que fornecerían a base pró desenvolvemento de negocios de máis valor engadido (Irlanda, Consello Económico e Social Nacional, 1982). Describíase Irlanda dicindo que era unha “plataforma de procesamento para a exportación”. Varias desas transnacionais máis grandes pecharon de súpeto e abandonaron o país, por veces para procurar termos máis favorables noutro lugar.

A distribución da riqueza era todo menos equitativa. Un estudo fiscal estimaba que o cinco por cento máis rico da poboación posuía o 63 por cento da riqueza. Tensións posteriores xeráronse polo fracaso da válvula de seguridade tradicional: a emigración. De por parte, a estrutura social estaba a cambiar, pois a industria xa superaba á agricultura. Para o dicir como a xente: algo tiña que pasar.

As políticas culturais, dende a fundación do estado en 1922, relacionáronse coas realidades económicas subxacentes, pero tamén tiveran que ter en conta o pasado e as forzas internas da sociedade que se opunían á ideoloxía dominante. Á vista de que o movemento nacional e maila demanda de independencia se convertiron en grande medida nun movemento pola lingua, mesmo ó goberno nativo reaccionario que cooperara con Gran Bretaña á hora de establece-lo Estado Libre de Irlanda pareceulle necesario asumilo obxectivo de restaura-la lingua e de acadar autonomía cultural. Adoptáronse as políticas reclamadas durante moito tempo polo movemento da lingua. Ensínouse o irlandés en tódalas escolas estatais, os que accedían ó funcionariado tiñan que face-los exames en irlandés e déuselle especial atención ás áreas comestas da miseria nas que o irlandés aínda era a lingua comunal.

Estas políticas mantivéronse activamente durante a primeira década da segunda fase económica, que foi proteccionista, e dende entón foron esbroándose moi de vagar durante dúas décadas. Durante ese tempo, foi a propia lingua a que se desenvolveu; simplificouse a pronuncia para pola a ton co uso moderno, desenvolveuse unha gramática estándar, xurdíu a literatura moderna e escribíronse manuais varios. Na constitución adoptada polo estado en 1937, declarouse que o irlandés era a “a lingua oficial primeira.”

As políticas produciron resultados. O censo de 1926 indicou que pouco máis do dezaito por cento da poboación falaba irlandés. En 1961, os falantes de irlandés medraran ata o 27 por cento. En 1971 informouse dun incremento ulterior do un por cento, indicando case unha posición estática (Irlanda, Oficina Central de Estatísticas, 1966, 1974). As análises amosaron que a tendecia era cara ó bilingüismo secundario e ó descenso do bilingüismo primario, quere dicir, o incremento era resultado de que os falantes de inglés aprendían irlandés. A condición de lingua primeira e comunal do irlandés seguía a decaer nas áreas de fala irlandesa.

Paralelamente á política de máis integración no capitalismo europeo occidental, as políticas que rexeitaban os vellos obxectivos da autonomía cultural executáronas os dous partidos brugueses principais. O status do Irlandés viuse reducido considerablemente nas escolas e nos servizos estatais. O tempo dedicado ós programas en irlandés na televisión nacional raramente pasa do catro por cento, mesmo nos períodos de inverno, cando os programas de produción nacional teñen a cota máis alta.

Para o colonialismo e mailo neocolonialismo, o pasado é a influencia máis perigosa e, daquela, cumpría rescribi-la historia de Irlanda. A versión nova, coñecida co nome de “revisiónista”, acollérona gustosamente os medios de comunicación e mailos principais historiadores, e tivo influencia nos programas de ensino primario. Segundo esa versión revisiónista da historia de Irlanda, o fundamenta é dicir que os principais culpables da historia irlandesa foron os colonizados irlandeses, non os colonizadores. A loita histórica pola independencia represéntase, logo, como se fose un erro fatal que causou derramamento de sangue en Irlanda do Norte. Vese a versión nacional da historia como se contribuíse á división. En realidade, a versión nacional da historia, é un desafío á dependencia e á dominación.

O revisionismo histórico e o desexo de captura-las mentes da xente para as someter ó neocolonialismo deron pé ó intento do goberno que había en 1973 de abrir unha segunda canle de televisión nacional que reemitise para Irlanda toda a programación dunha das emisións Británicas. O intento só o deu parado a mobilización existosa da opinión pública conseguida pola acción combinada do movemento da lingua e polos sindicatos.

A presión que exercen os medios de comunicación de masas sobre a identidade irlandesa é tremenda. RTÉ, os servizos de televisión e radio irlandeses de titularidade estatal, desenvolvéronse cun criterio mixto de servizo público-comercial. Á vista de que a porcentaxe de entradas da publicidade está a medrar, pois dende a metade dos anos noventa é máis do sesenta por cento, á lealdade ós ideais do servizo público vai esluíndose. Os programas de televisión importados ocupan agora o sesenta por cento do tempo de emisión durante o inverno, e moito máis durante o verán. Case todo o material de importación vén de Gran Bretaña e mailos Estados Unidos de América (Cidadáns pola mellora das Emisións Públicas, Ó Caollaí, 1980). A presenza británica en Irlanda do Norte facilita a emisión de programas de televisión que chegan á República disfrazados de “escape de ondas”. Máis dun sesenta por cento da poboación da República pode recibir emisións de catro canles británicas feitas dende Irlanda do Norte e Gales. Os xornais e revistas británicos circulan sen límite ningún. Os xornais británicos incrementaron a venda na República dramáticamente.

A necesidade de promover graos de consumo máis altos e máis integración cultural na economía de mercado está na actualidade encontránsode con respotas no campo da radio. Despois de ser condescendente durante moitos anos coas emisoras de radio comerciais ilegais, o goberno propuxo na segunda metade dos anos noventa que haxa que outorgar licencia para as emisoras de radio comerciais, privadas. Nunha extensión lóxica desta política, tamén propón conceder franquicias a grupos empresariais que nos máis dos casos son transnacionais para que poidan facer emisións directas dende satélites.

Hai forzas considerables que están actuando a prol da autonomía cultural. Os movementos culturais e o da lingua teñen moito potencial. Unha das axitacións de principios dos anos setenta tivo por resultado o establecemento dunha cadea nacional de radio non comercial en irlandés de moito éxito. Á derrota, en 1973, da proposta de reemitir unha cadea británica non a seguiron victorias nas campañas a prol de máis televisión de produción nacional, máis irlandés na televisión e apoio a unha orde internacional da información máis xusta. O propio pasado é unha forza que os aliados do neocolonialismo tentaron vincular ós seus obxectivos. Porén, pode que as forzas anticoloniais estean agora a se mover para recuperar ese grande ámbito.

O que se comprobou en Irlanda é que, por forte que se defenda, e por moito tempo que se loite, o obxectivo do desenvolvemento cultural autónomo non se pode obter se un país abraza a integración na economía de mercado internacional. As esperanzas das grandes forzas que están a traballar a prol da autonomía cultural, obxectivo que comparte, probablemente, a maioría do pobo, van depender moito dos procesos económicos e políticos en curso que, polo que vimos, están a se dirixir cara a un momento decisivo de confrontamento.

BIBLIOGRAFÍA

Citizens for Better Broadcasting (1976). “Aspects of RTE Television Broadcasting. Dublin: Citizens for Better Broadcasting.

- Constantino, R. (1970). "The Mis-Education of the Filipino." en A. Mattelart e S. Siegelau (eds.), *Communication and Class Struggle*, Vol. 1, pp. 212-220. New York: International General. (Edición orixinal en *Journal of Contemporary Asia 1* (No. 1), 1970.
- Coughlan, A. (1982), "Ireland: Sustained Growth through Foreign Capital and Manufactured Exports?" en M. Bienefeld e M. Godfrey (eds.), *The Struggle for Development: National Strategies in an International Context*. Londres: John Wiley & Sons.
- Curtis, L. P. (1971) *Apes and Angels: The Irishmand in Victorian Caricature*. Devon, England: David and Charles.
- Dublin, Central Bank (1982) "Annual Report". Dublin: Central Bank.
- Engels, F. (1969) "Letter" citada en V. I. Lenin, *Collected Works of V. I. Lenin, Vol. I*, "British Labourand British Imperialism." Londres: Lawrence and Wishart.
- Giraldus Cambrensis (1982) *The History and Topography of Ireland*, transl by J. J. O'Meara. Hamondsworth, England: Penguin.
- Greaves, C. D. (1963) *The Irish Quesntion and the British People*, Londres: Connolly Publications.
- Greaves, C. D. (1972) *The Irish Crisis*, Londres: Lawrence & Wishart.
- Hein, J. (1967) "Institutional Aspects of Commercial and Central Banking in Ireland." Dublin: Economic and Social Research Institute.
- Ireland, Central Statistics Office (1966) *Census of Population of Ireland, 1961*. Dublin: Government Publications.
- Ireland, Central Statistics Office (1974) *Census of Population of Ireland, 1971*, Further Preliminary Results for the State. Dublin: Government Publications.
- Ireland, Department of Finance (1958) *Economic Development*. Dublin: Givernemtn Publications.
- Ireland, National Economic and Social Council (1982) "A Review of Industrial Policy: Summanry of a Report Prepared by the Telesis Consultancy Group." Dublin: Government Publication.
- Kingsley, C. (1979) "Charles Kingsley, His Letters and Memories of His life, Edited by His Wife." Citado en F. S. L. Lyons, *Culture and Anarchy in Ireland, 1890-1939*. Oxford, England: Clarendon Press.
- Lebow, N. (1973) "British Historians and Irish History." *Eire-Ireland, A Journal of Irish Studies* 8 (No. 4), 3-38.
- McNeill, E. (1968) *Phases of Irish History*. Dublin: Gill & Son.
- New Irish Forum (1983) "The Cost of Violence Arisign form the Northern ireland Situation since 1969." Dublin: Government Publications.
- Ó Caollaí, M. (1980) *Tiarnas Cultúir: Craolachain in Éirin*. Dublin: Conradh na Gaeilge.
- Roche, R. (1970) *The Norman Invasion of Ireland*. Tralee, Ireland: Avil Books.
- Salinas, R. (1978) "National Culture in Peripheral Societies: Promise of Reality." Stockholm, Sweden: Institute of Latin American Studies in Stockholm.